



PENA GUISANDE SC. O PÁRAMO (LUGO)



En Vaca.tv

José Manuel López, propietario de Pena Guisande, co seu fillo Adrián

Pena Guisande, quen dá máis?

A súa fiel asistencia ás poxas galegas máis recentes, apostando decididamente por facerse cos animais de mellor xenética, fíxoos coñecidos en todo o sector. A paixón de Adrián pola gandería e a longa experiencia dos seus pais foron os motores para o constante crecemento e a modernización desta explotación lucense.

A incorporación de xuventude e a mellora xenética caracterizan a explotación Pena Guisande, situada na parroquia de Friolfe, no municipio lucense do Páramo. José Manuel López Díaz e Purificación Díaz Boado, os seus propietarios, traballan diariamente man a man co seu fillo Adrián. O irmán deste, Iván, é outro apaixonado da gandería e, aínda que a súa actual dedicación está tamén ligada ao sector, desexa incorporarse pronto ao proxecto familiar.

Os pais de Adrián iniciáronse na produción de leite nos anos 80, cando o seu avó abandonou a súa explotación de carne. Desde entón, ano tras ano foron sumando en experiencia e en número de animais. En 2010 deciden prescindir da súa sala de espiña de peixe e instalar o seu primeiro robot de muxido. Contentos cos resultados, as súas ganas por seguir crecendo aní-

maos en 2016 a ampliar as instalacións e constrúen unha segunda nave cun novo robot, un investimento que lles facilita dobrar a capacidade, o número de vacas e, en definitiva, a produción.

Así, a día de hoxe Adrián e os seus pais coidan un total de 230 animais, dos que 115 son vacas de produción. A media cando visitamos a explotación, o pasado mes de xaneiro, estaba en 38,5 litros por vaca e día, cunhas porcentaxes do 3,70 % de graxa e o 3,35 % de proteína e un recuento que se aproxima ás 140.000 células somáticas.

DECIDIDOS NAS POXAS

Gran parte do seu rabaño foi comprado en poxas. Adrián e a súa familia animaron as máis importantes do panorama galego e convertéronse nos

Localización: Friolfe, O Páramo (Lugo)
Propietarios: José Manuel López e Purificación Díaz
Traballadores: 3
N.º total de animais: 230
Vacas de produción: 115
Media de produción: 35,8 litros vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,70 %
Porcentaxe de proteína: 3,35 %
RCS: 140.000 cel./ml
Superficie agrícola: 60 ha
Prezo do leite: 0,30 €/l (prezo base)

grandes protagonistas das máis recentes, apostando con decisión por levar para a casa os mellores animais postos á venda. Así nos confirma Adrián o porque da súa elección: “Decidímonos por este sistema de compra, en primeiro lugar, porque sabemos que os animais están perfectamente controlados en canto a enfermidades, veñen mirados de todo, non temos tanto risco e, en segundo lugar, pola comodidade”.

Segundo nos conta, compran uns 20 ou 25 animais por ano e participan nas seis ou sete poxas galegas máis coñecidas: “Adoitamos traer cinco ou seis animais de cada unha en función dos que nos gusten e as probas que teñan, pero tamén compramos algúns animais soltos a certas granxas. Gústanos adquirir, sobre todo, vacas paridas e tamén

► “ADOITAMOS TRAER CINCO OU SEIS ANIMAIS DE CADA POXA EN FUNCIÓN DOS QUE NOS GUSTEN E AS PROBAS QUE TEÑAN”

algunhas xovencas, pero menos”. En total levan comprados en poxas uns 65 animais.

INSTALACIÓNS E LOTES

O crecemento da empresa familiar non só se demostra no aumento do rabaño senón tamén na ampliación das súas instalacións. A nave inicial foi modificada en varias ocasións e hai tan só dous anos que construíron a parte máis nova da granxa.

A distribución é sinxela. Nas instalacións antigas manteñen as vacas de baixa produción e as secas nun total de 75 cubículos con cama de colchón de goma e sistema de parrilla. Na nave nova teñen capacidade para outras 80 prazas e están as vacas de alta produción, en cubículos con camas de carbonato granulado e limpeza con arrobaeira, e a recría, en cama quente de palla e parrilla.

Para a recollida de xurro teñen dúas fosas, unha propia e outra alugada, cunha capacidade total de 600.000 litros, volume que se lles queda pequeno. Tanto é así que xa teñen concedida outra de 2.200.000 litros no último plan de mellora da Xunta de Galicia.

O benestar dos seus animais é outra das súas preocupacións. “Poñer cepillos en ambas as naves e camas de carbonato foi un gran cambio para nós e as vacas notárono moitísimo. Antes tiñamos cama de area e desgastábanos bastante os cascos”, explica Adrián. Fan as camas tres veces ao día e límpasas e échenas de novo cada 7-10 días. En canto á ventilación, a nave nova xa é bastante aberta e para pa-

Teñen dous robots de muxido, un en cada nave



liar este tema na parte vella instalaron un sistema mecánico de aireación. A maiores teñen colocadas varias cámaras por toda a granxa para controlar o rabaño en todo momento.

MUXIDO CON ROBOTS

Fai xa sete anos da robotización desta granxa. Adrián comenta que “nese momento había que facer un gran cambio: modernizar a sala que tiñamos ou apostar polo robot. Decidímonos polo sistema do robot”.

Ao principio comezaron muxindo unhas 55 vacas e agora coa ampliación están nas 115, cunha media de 2,9 muxidos vaca/día. O mozo gandeiro lucense subliña que “este sistema permítenos moita máis liberdade, as vacas están máis cómodas e elas móxense cando o necesitan. A nós párecenos que están moito máis a gusto”; de feito, a media de produción aumentou de maneira importante e na última campaña lograron unha produción media anual de 12.106 kg vaca/ano.

PLAN NUTRITIVO


En Pena Guisande fan catro racións diferentes: unha para as vacas en produción, outra para as secas, unha terceira para xovencas adultas e unha última para xovencas pequenas. Para as frisonas en lactación elaboran unha ración

composta por 24 kg de silo de millo, 19 kg de herba, 10 kg de penso e 0,5 kg de palla, que combinan cunha media de 5 kg de penso subministrados polo robot. “As de alta produción chegan a comer ata 9 kg de media, as de baixa, segundo a súa produción, e as próximas ao secado, depende, 1,5 ou 2 kg”, di.

A alimentación das vacas secas é practicamente todo palla, con 3,5 kg de penso e 2 kg de melaza. A ración das xovencas diferénciase desta maneira: a das adultas, a partir dos 15 ou 16 meses, componse de herba seca, silo de herba e 3,5 kg de penso, e a das máis pequenas, a partir dos tres meses, faise de maneira máis personalizada en función da idade e dos pensos que necesiten.

En canto á recría, manteñen os animais acabados de nacer en boxes individuais para alimentalos con calostro durante os primeiros catro días. Pasado este tempo subministránlles leite en po á man tres ou catro días máis e a partir de aí xa os pasan á amamentadora, situada nun box colectivo con cama quente e acceso ao campo. A desteta realízana máis ou menos aos tres meses.

Para conseguir parte destas racións cultivan un total de 60 hectáreas, a gran maioría con raigrás e tan só 15 hectáreas con millo, pois os terreos e a zona non teñen as mellores características para este cultivo. Preparan cada día a ración das vacas en produción e cada dous, as dúas de xovencas e a das secas, nun carro *unifeed* que comparten con outras 15 ganderías da parroquia a través dunha cooperativa de utilización de maquinaria agrícola (CUMA) grazas á cal dispoñen tamén de diversas máquinas de laboreo. ►►



Comparten o carro *unifeed* con outros 15 gandeiros da parroquia



Cubículos con carbonato granulado para o lote de alta produción



Silos feitos con forraxes propias e compradas

▶ AO PRINCIPIO COMEZARON MUXINDO UNHAS 55 VACAS E AGORA COA AMPLIACIÓN ESTÁN NAS 115, CUNHA MEDIA DE 2,9 MUXIDOS VACA/DÍA

MELLORA XENÉTICA

No ámbito reprodutivo, a media de inseminacións por preñez do conxunto do rabaño é de 3,3 doses, 2 en xovencas; o intervalo medio entre partos alcanza os 380 días e a primeira inseminación realízana aos 18 meses, aínda que están intentando rebaixala aos 16,5 ou 17 meses. Os robots de muxido facilitan a detección de celos e en caso de atraso nalgúns vacas aplican os tratamentos hormonais habituais.

En canto á utilización de seme sexado e ao implante de embrións, Adrián afirma: “Estamos utilizando todo o seme sexado en xovencas e tamén en vacas puntuais. Co implante de embrións estamos empezando, xa fixemos algúns, pero queremos seguir con esta técnica para facérllelos aos nosos animais e implantalos nas nosas propias xovencas”.

A mellora xenética de todo o rabaño é un dos obxectivos principais a día de hoxe en Pena Guisande. Están a apostar fundamentalmente por dous parámetros: o tipo e a produción. Con base neles seleccionan os seus sementais e confían, ademais, nos servizos técnicos de apareamento que lles ofrece Africor Lugo. “Adoitamos escoller os menos touros posibles e os que mellor se nos adapten



O benestar animal, obxectivo da nave nova



Nave antiga con parrilla e camas de goma



Box colectivo con amamentadora para a recría

á explotación. Agora mesmo estamos a traballar con Kingboy, Montross, Beemer, Supertoro, Happy e Colinpen”, destaca tras explicarnos que, de momento, seguen confiando máis nos sementais probados que nos xenómicos.

O resultado desta selección é unha media ICO de 2.183 puntos e unha cualificación morfolóxica media de 81,5.

FUTURO

O leite das vacas de Pena Guisande é recollido por Celega, empresa que á súa vez lle vende a Mercadona. Adrián explícanos, durante a nosa visita á súa explotación, que teñen contratos anuais e que están a recibir por cada

litro un prezo base de 0,30 euros, unha cifra que poden chegar a incrementar ata os 0,32 euros entre primas e calidades.

Os seus plans a curto e medio prazo son continuar cara a adiante e seguir medrando. Polo momento xa teñen previsto cambiar o tanque de leite porque o que teñen estáselles quedando pequeno. Iso si, ante a pregunta sobre o porvir do sector, apunta que “o futuro para a xente nova é bastante difícil. O leite está a moi baixo prezo para o traballo que temos e os custos de produción que implica aquí en Galicia. Se subise algo de prezo, aos gandeiros cambiaríanos moito a vida”. ■